

A necrópole prerromana de Coreses

Xosé María Álvarez Blázquez

Texto inédito. Manuscrito en castelán

Á venerada memoria do meu pai, fillo dun docto sanabrés.

XUSTIFICACIÓN

A lectura do solto titulado “Origen ibérico de Zamora”, publicado baixo o epígrafe de “Notas zamoranas” polo *Correo de Zamora* no seu número 18.678, correspondente ao 30 de Outubro último, e o rogo que alí se facía, encarecendo informes sobre temas prehistóricos, animáronnos a redactar as presentes liñas, afanosos de contribuír, sequera sexa humildemente, ao esclarecemento do pasado histórico da provincia, á que nos ligan lazos de non moi afastada oriunde.

En efecto, segundo no mencionado solto se indicaba, o nome *Aradney* provén do ibérico “*aratoi*”, que conservado a través do vasco e traducido ao castelán deron lugar, segundo autorizadísima afirmación de Menéndez Pidal¹, á actual denominación de “*Tierra de Campos*”, con que se designa a zona xeográfica que dito río baña. Antes de ostentar o nome moderno, é indubidable que debeu coñecerse a referida zona pola designación de “*Val de Aradney*”, e por extensión pasou o río a chamarse indebidamente “*Valderaduey*”, quedando

(1) Menéndez Pidal, M. (1934): *Manual de Gramática Histórica* (5ª edición). Librería General de Victoriano Suárez, Madrid.

finalmente circunscrito o apelativo a este último, mentres o val se traduciu. Como antes dixemos, por “*Tierra de Campos*”.

Non é único este caso da adopción por parte do castelán de palabras de orixe vasca; un fenómeno semellante tivo lugar co nome *Leope*, por versión ao castelán do vasco *Ochoa*, que significa “lobo” nesta última lingua, e non por derivación do latino “*lupus*”, como podería imaxinarse. Sen embargo é frecuente en documentos medievais achar traducido ao seu ver ao latín o nome castelán *Leope*, como, por exemplo, se le no último verso da lírica “*Raçon feita de Amor*” (primeira peza do xénero que conserva a lingua castelá), onde o seu probable copista, *Leope de Moros*, dáse a coñecer dicindo que “*Leopus me feçit de Moros*”.

Detivémonos de intento nas precedentes consideracións, por seren elas as que nos levaron da man á decisión de dar a coñecer hoxe un descubrimento (non xa de índole filolóxica), que acaso chegue a revestir singular interese histórico e que consideramos un deber non silenciar. Pero antes de entrar de cheo na materia que de aquí en diante ocupará a nosa atención e xustifica o título deste traballo, permítanosen aínda unhas indicacións de carácter xeral, que nos proporcionarán sen dúbida algunha un enfoque máis certo da cuestión.

ANTECEDENTES

En Prehistoria, xa se sabe, contadas veces son copiosos os achados e non sempre de fácil interpretación. A provincia de Zamora é pobre en vestixios de tal índole, especialmente se nos remontamos ao Paleolítico e Neolítico. Fernández Duro, nas súas *Memorias históricas de la provincia de Zamora* (páx, 76) da unha relación completa do pouco que entón se coñecía, en síntese, a existencia de pezas paleolíticas na provincia redúcese a certos achados que non especifica (“machadas e coitelos de pedra sen puír” di) efectuados no termo de Fariza, partido de Sayago, e outro semellante en Gallegos del Pau, do partido de Toro, do cal tivemos comprobación por boca dun ancián daquela localidade, aínda que ningún dos obxectos se conserva hoxe en día.

Dentro xa do Neolítico, cita así mesmo ao Sr. Fernández Duro, aínda que sen facer distinción entre ambas idades, unha “especie de ara” exis-

tente nas proximidades de Famoselle, varios dolmens en Sayago, o famoso “Sombrero de Roldán”, en Pino, e diversos sepulcros abertos en roca viva, que foron achados en Zamora “a uns 400 metros das murallas da cidade, pola parte de oriente”, así como outros varios descubertos en solares preto da catedral, “baleirados en pezas de granito”, e outros máis aínda no arrabalde de San Lázaro e na vila do Pino. Pero é indubidable que estes vestixios, se exceptuamos unicamente os dolmens, non pertencen, nin con moito, á Idade da Pedra. En cambio tiveron lugar na provincia varios achados de machadas neolíticas, coñecidas vulgarmente co nome de “pedras de raio” e clasicamente polo de “ceraumias”, e que apareceron con certa abundancia en Faviza, Fresnadillo e Villalcampo.

Gómez-Moreno no tomo do *Catálogo Monumental de España* correspondente á provincia de Zamora², ocúpase con maior extensión e copia de datos do asunto. Nega en primeiro termo que o chamado *Sombrero de Roldán* sexa un monumento megalítico, pois non hai nel o menor vestixio da man do home, as súas proporcións son realmente xigantescas, e non se trata, en suma, máis que dun simple fenómeno natural, como o de tantas outras pedras oscilantes. En cambio achou en Granucillo restos de sete antas ben definidas e un círculo de vestixios doutras máis, que imaxinamos poida tratarse acaso de elementos dun cromlech. A estas noticias haberá que engadir os descubrimentos, que en detalle descoñecemos, realizados recentemente polo Padre Morán, ao escavar algúns dos dolmens da provincia, clasificados por el como pertencentes ao período Eneolítico do Cobre, e que han de situarse, pois, cronoloxicamente a escasa distancia dos monumentos galegos semellantes, se ben entre estes últimos cóntase un bo número de megálitos propiamente neolíticos. A toponimia de Sanabria proporciónanos, en fin, dous nomes: Anta de Tera e Anta de Rioconejos, único vestixio acaso que de tales antas se conserva. Piedrahita de Castro indica a existencia dun menhir.

Respecto aos restos de idades posteriores (Bronce e Ferro) escribe máis adiante Fernández Duro³:

(2) Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes- Madrid, 1927.

(3) *Op. cit.*, TI, páx. 151

“En Moral de Sayago atopou o Sr Garnacho vinteseite pedras sepulcrais, admirando a mestría con que estaban labradas e adornadas ..., ao seu carón había rudas esculturas representando un becerro e fragmentos de vasos cinerarios de arxila.- Na mesma vila e nas de Carbajosa e Fariza, viu varios obxectos dun metal que os naturais chaman alquimén⁴ e parece ser aliaxe de cobre e estaño: indicio novo da explotación dos minerais na provincia que dá a coñecer a repetición de nomes de poboacións, como son: Fornillos de la Ferreira, La Fragua, Sitramina, Villaferrueña, Villanueva del Azoague, Fornillos de Fermoselle, Los Hornos, Lobreros, Dornillas, Santiago de Dornillas, Las Ferreras, Ferreras de Pedralba, Ferreros, Pozo Antiguo, Platero, La Herrería.- De fortificacións e termos atópanse todos os Castros, Castrelos e Castrillos, Piedrahita, Milla de Tera, Trefacio e Monumental”⁵.

Como vemos a toponimia é moito máis elocuente do que puidera suporse a xulgar polos escasos achados prehistóricos na provincia, e iso indica que se escavou moi pouco. Gómez Moreno explorou entre os anos 1903 e 1905 a maioría dos castros de Zamora, anque pode dicirse que continúan sin escavar, xa que o ilustre historiador dedicouse a catalogalos, contentándose ao sumo con recoller algún vestixio illado. Fan un total aproximado de cincuenta castros, que na súa maioría pertencen á Terra de Aliste, en contacto directo, ao igual que Sanabria, coa cultura dos castros galaico-portuguesa. Pero en xeral estes zamoranos mostran gran pobreza, e en todos hai probas de romanización, se ben escavacións intelixentes acaso descubriran a existencia de culturas subxacentes. Ao respecto deles axuda o folclore, con referencias de ouro, mouros e tesouros, que son consoantes inseparables na rítmica da mitoloxía popular.

Na Praza Maior da cidade de Toro existe unha ruda escultura, á que debe o seu nome, semellante ás de Guisando, e que foi achada cando o príncipe don García, fillo de Afonso III o Magno, emprendeu a repoboación da cidade (antiga Albocela o Arbucala), que aparece no primeiro cuartel do seu escudo. Doutras esculturas polo estilo téñense

(4) Quizais non deba remontarse ata a Idade do Bronce a orixe dos obxectos de referencia, por canto o propio nome da aliaxe revela unha indubidable orixe árabe, e este simple dato propón xa un interesante problema cronolóxico.

(5) Olmedo e Rodríguez, F. (1905): *La provincia de Zamora*, Valladolid.

noticias; na vila de San Vitero acháronse restos doutro touro semellante e en Villardiegua hai unha escultura de factura moito máis primitiva, que se levou alí desde San Mamede, chamada polas xentes “la mula”; é dunha grande rudeza, mostra as patas unidas, formando dúas a modo de piares e representa un animal realmente irrecoñecible. Como veremos máis adiante, téñense referencias da existencia doutro xénero de representacións animais en pedra, de proporcións máis reducidas, achadas en lugares de enterramentos.

A antigüidade e significado destas esculturas, bastante abundantes no solo de España, especialmente nas provincias de Ávila e Salamanca, son aínda problemas non de todo esclarecidos. Por terse descuberto nalgunhas delas inscricións latinas, supúxose que non serían anteriores á dominación romana, pero hoxe está fóra de dúbida que ditas inscricións son posteriores ao monumento. Supúxose así mesmo que o papel de tales touros, becerros, marráns, etc. era o de sinalar límites ou proporcionar outras indicacións aos pastores de rabaños transhumantes, suposición que foi descartada pola crítica; con máis verosimilitude, ao noso entender, pénsase en razóns votivas ou totémicas. Sexa o que for, o certo é que as referidas representacións pertencen ao acervo artístico indíxena da Península.

Do estudo de Gómez- Moreno antes citado dedúcese a existencia dentro da provincia de Zamora, especialmente en Sayago, dunha peculiar cultura manifestada na construción de grandes poboados fortificados, semellantes, ou por mellor dicir equivalentes ás citanias galaico-portuguesas. Tamén aquí a toponimia debe servirnos de guía inapreciable, sinalándonos lugares tales como o alto denominado “A Cidade” que de xeito verosímil puidera indicar o emprazamento dunha cidade coetánea de Briteiros e Santa Trega. Pois temos que lembrar que unha boa parte da actual provincia de Zamora, o ángulo N.O., comprendido entre o Douro e o Esla ata Galicia e Portugal, estaba poboada por tribos celtas: os astures, ribereños do Astura (Esla); máis ao occidente os gallaicos e ao N.O. do Douro os lusitanos, chamados despois brácares, cando foron sometidos polos romanos e anexionados ao convento xurídico de Brácara Augusta. Este remoto contacto co pobo celta persiste incluso a través do medievo, como se advirte aínda no folclore e toponimia, e dunha maneira máis evidente aínda na linguaxe.

A NECRÓPOLE

Na vila de Coreses, situada a 16 km. de Zamora e a 5 km. do río Douro e pertencente ao partido xudicial de Zamora tivemos ocasión de descubrir recentemente unha necrópole de remota antigüidade, de cuxa existencia tan só os moradores da vila tiñan sospeitas, por terse topado nalgunhas ocasións, ao efectuar a retirada do entullo no lugar do seu emprazamento, restos humanos dispersos. Un destes achados deu pé a que presumíramos a existencia dun verdadeiro lugar de enterramentos, e ao efecto realizamos diversas escavacións pouco intensas, pero sempre coroadas polo éxito.

A necrópole áchase situada nun outeiro de escasa elevación, que domina a vila polo seu lado Norte, e que foi aproveitado para escavar nel as numerosas bodegas subterráneas que en Coreses existen. Aínda que descoñecemos a área total da necrópole, o lugar que consideramos central, dados os achados e o feito de súa situación no cumio case chan do outeiro, é o denominado "Silo de las Trigueras", onde, en efecto, ata non hai moito tempo existía un profundo silo, hoxe cegado.

Na zona onde escavamos, preto da vertente sueste, os restos humanos atópanse aproximadamente a uns trinta centímetros da superficie, a causa sen dúbida dos frecuentes desentullos alí efectuados con obxecto de transportar terras a outros lugares próximos. Pero en dous dos sepulcros descubertos foi preciso escavar máis profundamente, xa que sobre eles se depositara un monte de greda, procedente sen dúbida das obras dalgunha bodega próxima. Nestes sepulcros foi posible distinguir os seguintes estratos, claramente perceptibles:

- a) montón de greda procedente das bodegas.
- b) capa de terreo humoso, escuro e compacto.
- c) estreita capa de cantos rodados.
- d) capa constituída por restos de cerámica mesturados con cinza, estreita tamén.
- e) sepulcros.
- f) piso natural areento compacto.

O espesor total descontada a morea de greda, oscila entre 1 e 1'50 metros.

Parece, pois, evidente que onde a capa de humus ou algunha das seguintes non existen, a falta debe atribuírse aos arrastres das augas e

aos desentullos, tan frecuentes, que abriron sobre a necrópole unha especie de anfiteatro en ferradura, máis acentuado aínda polos montóns de terra que o cercan en parte. Este desgaste do terreo evidénciase pola presenza de fragmentos de ósos humanos a flor de terra e polo afloramento en moitos casos das estelas rudimentarias que, segundo veremos máis adiante, indican a sepultura.

Exploramos seis completas, máis os restos doutras dúas ou tres, xa en parte desfeitas. En todas estas sepulturas, sen excepción, a disposición responde ao seguinte plan: o corpo atópase orientado de leste a oeste coa cabeza cara o poñente; rodéano, tanto polos lados, como por riba unha capa de cantos rodados de tamaño regular, con vestixios de cal adherida á súa superficie; no fondo do sepulcro, formado polo piso natural do terreo, advírtese igualmente a presenza de cal, en ocasións moi abundante, sobre o monte así formado, á altura do peito do esqueleto, unha estela rudimentaria de granito, de aparencia cúbica, ás veces dúas, indica o emprazamento da sepultura; non existen rúas entre unha sepultura e outra das que descubrimos, pois estas áchanse materialmente en contacto, ou cunha separación máxima de 10 a 20 cms., se ben non negamos a posible existencia de rúas máis ou menos anchas, pois hai que considerar que soamente exploramos dúas fileiras de tres sepulturas completas. Estas fileiras son simétricas, coas cabezas a unha altura aproximada. Todo revela a existencia dun rito funerario definido e característico: protección do cadáver cun revestimento de cal e canto, indicación do lugar do seu enterramento cun fito rudo, e orientación do corpo coa cabeza cara o poñente, culto solar funerario, que aínda teremos ocasión de comprobar nalgunhas estelas romanas da provincia.

Os restos humanos non ofrecen particularidade algunha digna de nota. Na maioría dos casos áchanse nun estado tal de descomposición que ao tomalos nas mans québranse en cen cachos, pero noutros casos, especialmente nos dous sepulcros descubertos baixo o montón de greda, o estado de conservación é mellor, sobre todo tratándose dos ósos das extremidades e vértebras. Un dos esqueletos pertenceu a un neno de seis a dez anos, non só a xulgar pola talla reducida, senón porque se achaba na primeira dentición, conservando íntegras as catorce pezas inferiores e faltándolle xa algúns incisivos do maxilar superior. Un cranio dos achados, dos dous únicos que conservaban o frontal íntegro, era bastante con-

trafeito, pois mentres o arco superciliar dereito era normal, o esquerdo mostraba un pronunciado “*torus superorbitalis*”; a fronte era fuxida e apreciábase notable prognatismo. Era este un cranio de adulto, probablemente de ancián, con dentes moi desgastados e ósos rugosos. Un fémur que se achou illado reviste xigantescas proporcións. Pero, en xeral, nada revela, ao simple exame ocular, notables signos distintivos no conxunto dos restos desenterrados.

Non achamos nestas sepulturas enxoval funerario de ningunha clase, se exceptuamos dúas plaquiñas de ferro moi descomposto, atravesadas por un cravo grande de cabeza ancha, e outra peza formada por dúas pinzas apuntadas, con estreitamentos en ámbalas dúas zonas curvas, como con elos. Tamén é frecuente achar algún testo de cerámica; pero non sería difícil que estes obxectos densos, cuxa localización dentro do recinto do sepulcro resulta difícil aseverar, dada a remoción que se efectúa ao escavar, procedesen das capas superiores, xa caídas no momento da escavación, xa a causa de remocións anteriores. Entre os restos de cerámica así atopados e os do estrato d, antes citado, figuran varios cachos de asas e outras partes de utensilios pequenos, na súa maioría con pegadas de torneado, pero sen adorno algún que permita a súa catalogación; outros fragmentos parecen máis primitivos, pero uns e outros aparecen en escaso número.

En todo caso a ausencia de enxoval funerario non se pode dar por definitiva, pois a porción de necrópole explorada é mínima, si se considera a gran área que esta sen dúbida abarca, xa que como se verá na referencia III do capítulo seguinte, acháronse tamén outros sepulcros máis evolucionados a máis de 75 metros do punto da nosa escavación. E por outra parte, por esa mesma referencia temos noticias dun achado interesante, que nos permite esperar aínda outros preciosos, si se leva a cabo unha escavación metódica, que permita catalogar a necrópole xa sen o menor xénero de dúbida.

INFORMACIÓNS E FOLCLORE

Preguntando entre os veciños de Coreses a respecto da denominación de “Silo de las Trigueras”, co que se coñece a parte superior e chan do outeiro onde está emprazada a necrópole, viñemos a saber

que ata hai aproximadamente uns cincuenta anos existiu alí un profundo pozo perfectamente circular, que alguén nos asegurou contiña esqueletos. O silo chámase “de las Trigueras” porque no seu interior aniñaban con frecuencia moitas aves deste nome. Achábase situado a uns dez metros do lugar onde escavamos, en dirección noroeste, e nel non se sabe que ninguén penetrara, a dous ou tres metros do silo existía outro buraco máis estreito, en rampla empinada, de dirección sueste, resto sen dúbida dunha entrada máis folgada, por onde se descendía a unha especie de cámara abovedada, formada por grandes perpiaños; medía a cámara aproximadamente oito metros de largo por cinco de ancho e a dirección do seu eixo maior era de norte a sur. En fronte á desembocadura na cámara deste pasadizo abríase un segundo, no lado oposto, que ascendía máis suavemente ata saír á superficie pola parte nordeste; chamábase a súa boca “Puerta de las Campanas”, en razón de estar situada fronte por fronte á torre da igrexa parroquial, e era igualmente estreita, aínda que de maior lonxitude que a anterior. Hai anciáns que cando nenos ían xogar ao interior daquel recinto, tiñan que penetrar máis que a gatas, arrastrados, para dar no seu fondo case de cabeza.

Tanto o silo como as bocas de entrada á cámara subterránea áchanse hoxe cegados, a consecuencia dos amontoamentos de terra efectuados ao abrir novas bodegas nas proximidades, pero segundo manifestan os que nos informaron sería relativamente fácil abrir de novo o acceso ao interior. Contigua á cámara grande existía unha pequena dependencia cadrada, duns oito pés de lado. Ninguén lembra que se advertiran no subterráneo outros detalles dignos de chamar a atención. Desde logo móstranse unánimes en asegurar que aquilo non era unha bodega, non só a vulgar polo estilo da construción, senón porque nin nunca tivo propietario nin se coñece a súa orixe.

Probablemente se atopa a cámara a escasa distancia da superficie, pois doutro modo non se tería apreciado o uso da pedra para a súa construción, toda vez que o terreo, de area fina, é a poucos metros case rochoso. Xulgamos conveniente advertir que entre as oito ou dez persoas que nos informaron non se dá unha perfecta unanimidade nos detalles, a causa sen dúbida do afastado do recordo, pero en termos xerais a precedente descrición concorda coa maioría dos informes.

Procuramos recoller todos os elementos folclóricos que ao obxecto poidan interesar, sequera sexa remotamente, e porque a fin que nos propomos é principalmente dar noticia dos feitos, para que nada poida perderse no futuro, non dubidamos en indicalos aquí, dando a continuación a referencia dos datos obtidos:

- A existencia do silo e cámara mencionados.
- A vila atribúe a necrópole ao “tempo dos mouros”.
- Referiunos un albanel, hoxe ancián, que traballando hai anos na bodega que foi do Sr. Nadies, distante do lugar da nosa escavación uns 75 metros, descubríronse varios sepulcros formados por grandes lousas, e no seu interior achábanse os esqueletos. Segundo outros informadores, nun dos sepulcros apareceu un pequeno recipiente de arxila, cheo dunha especie de cravos “dourados”, de cabeza grande e redonda.
- Hai dez ou quince anos, nun terreo próximo á vila, arando o propietario da terra, achou que o arado tropezaba nun duro obstáculo, que desenterrou e resultou ser unha longa lousa que tapaba un recinto semellante a unha sepultura, baleira xa.
- Traballando no curral dun dos meus informadores, hai aproximadamente trinta anos, advertiuse que o chan soaba a oco, e por indagar cal fora a causa escavouse, descubríndose unha pequena cova sen enxoval algún, cunha bancada de pedras grandes rodeando todo o circuíto interior; a cova volveuse tapar.
- Un xornaleiro, traballando noutro campo en unión do propietario, atopou non hai moito tempo, outra gran lousa coa superficie externa visiblemente alisada, que non chegaron a descubrir enteiramente, pois polo visto medía xa máis de dous metros, e non quixeron perder máis tempo alí. Volveuse cubrir de terra (estaba como a trinta centímetros) e aínda existe.
- Dise que un “arqueólogo” que hai xa anos estivo na localidade tiña noticia de que nunha das casas, baixo unha ventá, está enterrado un xeneral con faixa de ouro, pois o dito “arqueólogo” posuía datos certos. Os propietarios do inmobile non se determinaron a escavar.
- Hai oito ou dez anos, cavando uns mozos ao final da rúa de San Roque, no extremo que mira a Zamora, desenterraron o

corpo dun militar, cuxos botóns metálicos e bordados se conservaban perfectamente; nas proximidades existiu a antiga ermida de San Roque, hoxe desaparecida.

- Co gallo destas indagacións varios veciños faláronnos do “Teso de la Mora”, situado entre as vilas próximas de Molacillos e Torre. Nel hai unha cova onde non se pode penetrar máis que uns metros, porque o aire se enrarece; nas proximidades vense aínda abundantes restos de cerámica e pequenos tixolos. Puidemos comprobar despois que a tal cova xa non existe, aínda que hai, si, evidentes vestixios dela. Noutro outeiro do termo de Coreses, chamado de “la Geroma” hai igualmente covas de orixe descoñecida, que uns atribúen tamén aos mouros, mentres que outros as consideran restos de bodegas ou refuxios dos pastores. Non puidemos visitalas.

Cremos oportuno advertir que a única canteira próxima á vila, hoxe xa sen explotar é de débil roca gredosa, pertencente xeoloxicamente ao período cretácico⁶, e a súa escasa consistencia non permite supoñer sexa este o material que forma as grandes lousas de que nalgunhas das precedentes novas se fala.

Cremos máis ben que o material empregado será de grosa area cementada, como a que se ve, aínda que con escaseza nalgunhas construcións da vila, procedente quizais do chamado Teso Mayo, distante tres quilómetros, ou das canteiras da capital. Respecto á orixe do cal dos sepulcros, temos que consignar que no veciño termo de Molacillos, a cinco ou seis quilómetros de Coreses, existen varias canteiras de pedra calcaria, en explotación desde moi antigo.

OS VACCEOS E AS NECRÓPOLES IBÉRICAS

Se de novo repasamos a historia primitiva da península, un pobo reclamaría a nosa atencións: o dos vacceos ou campesiños, tribo celtibérica que todos os xeógrafos e historiadores clásicos ocupados na

(6) Atopamos algúns fósiles característicos, como diversos fragmentos de pólipos e un exemplar de “*Micraster cortestudinarium*”

cuestión colocan indefectiblemente ao norte do Douro, precisamente nesta zona onde está emprazado o actual termo de Coreses, a vinte quilómetros estaba a importantísima cidade vaccea de Albolcelá (a actual Toro) que foi conquistada non sen esforzo por Hannibal. Na táboa 17 do “*Atlas antiquus*” do Dr. Alberto van Kamper, publicada en Gotha por Justus Perthes, na táboa XIII do “*Atlas Antiquus*” de C. Wolf (Weimar), e noutras cartas e mapas non menos fieis ás referencias clásicas, os vacceos ocupan unha extensa zona ao norte do Douro, terreo fértil e chan, onde as súas aptitudes agrícolas acharon ancho campo de actividade.

Tribos como esta son as que fixeron fronte ao exército romano, e sabido é como astures e vacceos, vettons, gallaicos e lusitanos tiveron por moito tempo en xaque ás hostes invasoras, que acaso non esperaron, ao comezo da súa campaña, que terían de medirse con xefes de valentía de Viriato. Eran pobos de antigüidade descoñecida, pero sen dúbida xa moi organizados entón, a través da súa cultura *Hallstática* e de *La Tène*.

Dos vacceos, que máis directamente interesan ao noso obxecto, sábese que practicaban un orixinal comunismo, no que ninguén permanecía ocioso, sorteando anualmente o labor dos campos e almacegando despois o gran no seu gran silo común, de onde se tiraba o reparto, segundo as necesidades da comunidade. Sábese tamén dos vacceos que castigaban con pena de morte aos ladróns daqueles bens comunais; que de cote tiñan numeroso gando, fabricando coa súa la un tecido rudimentario co que facían *saios*, especie de sacos pardos, con que se cubrían.

Este comunismo agrario desenvolveuse igualmente noutras zonas da provincia, e os seus vestixios foron estudados especialmente en Fermoselle polo Sr. Costa, que cita Gómez-Moreno na súa obra antedita.

O interese que para nós teñen os datos precedentes é obvio, e como queira que este capítulo está dedicado a aportar novos elementos de xuízo para o noso estudo, pasamos a tratar outra cuestión estreitamente relacionada con el. Dixemos ao principio que as escavacións prehistóricas efectuadas ata o presente na provincia de Zamora foron poucas e de escaso resultado. Respecto ás necrópoles de que se teñen noticias daremos máis adiante unha breve indicación e por continuar agora este paréntese informativo extractamos os datos que a

Prehistoria posúe, relativos aos enterramentos na Idade do Ferro, a fin de que nun último capítulo poidamos máis facilmente fundamentar as nosas conclusións.

Debemos ao marqués de Cerralbo⁷ o estudo máis completo das necrópoles prerromanas da Península, en especial as chamadas do tipo hallstático, cultura esta que no centro e occidente de España, rexións menos comunicadas co mar Mediterráneo que foi a vía das invasións, tivo unha maior supervivencia e evolución. As provincias de Zaragoza, Soria e Guadalajara conteñen o maior número destas necrópoles, mellor chamadas post-hallstáticas porque cronoloxicamente se corresponden co final do *Hallstatt* do centro de Europa, acadando ata os períodos I e II de *La Tène*. Pero coñécense tamén grupos illados en Cataluña, Navarra, Cuenca, Asturias e Cantabria, e, o que interesa moito ao noso obxecto, en Palencia, Burgos, Galicia e Portugal, cuxa proximidade e contacto coa provincia de Zamora non precisamos indicar de novo.

Nalgunhas destas necrópoles descubríronse de dúas a tres mil sepulturas. As sepulturas son sempre unipersoais, están indicadas por unha rudimentaria estela sen labra e aparecen dispostas en fileiras. A evolución da necrópole advírtese ás veces, cando acadou unha época máis moderna, e entón a sepultura ou buraco, que nas máis primitivas estaba frecuentemente armada de cal e canto, substituíuse por unha urna funeraria, en cuxo interior é agora corrente atopar restos de cerámica, faltando en cambio a estela. As necrópoles áchanse xeralmente emprazadas nas proximidades de terreos fértiles e baixos, e formando rúas de tres e máis metros.

Non necesitamos insistir sobre os datos precedentes, suficientes xa para permitirmos unha composición de lugar, imprescindible sempre ao iniciar esta clase de estudos, onde o cúmulo de novas, ás veces contraditorias e frecuentemente escuras, dificultan extremadamente a investigación comparada, naqueles casos en que, como o presente, a falta de eloquentes datos propios, temos que recorrer á testemuña dos descubrimentos semellantes, xa concluíntes e seriamente establecidos.

(7) Cerralbo (1915): *Las necrópoles ibéricas*, A:E:P.C.

CONCLUSIÓN

Unha crítica severa non nos permite formular hipóteses aventuradas nin trazar cábalas fantásticas, pois entendemos que só un estudo concienciado e unha escavación ampla e intelixente, levada a cabo na necrópole da que nos ocupamos, poderá permitir a súa definitiva catalogación. Fieis a este pensamento, limitámonos a unha simple e superficial descrición dos feitos e a un extracto conciso das noticias relacionadas con eles; pero consideramos que algúns razoamentos son aínda precisos ao noso traballo, co que desexamos dalo por concluído.

A mera referencia verbal, contraditoria ás veces e por ende pouco precisa que da cámara subterránea nos proporcionaron os que a coñeceron, impídenos dar demasiadas ás á fantasía. Se así non fora, deixándonos remontar no espazo e no tempo, quizais fósemos a parar aos monumentos megalíticos, e, especificando máis aínda, deteríamos o noso voo ousado ante aqueles sepulcros eneolíticos de corredor e galería cuberta, tan abundantes no veciño Portugal, nos que aínda non aparece o cobre porque se coñeceu alí máis tarde que no suroeste da Península, onde existen tamén monumentos semellantes. Poderíamos incluso pensar na necrópole como nunha supervivencia daquel primitivo lugar de enterramento, pero aínda que esta clase de temas é sempre suxestivo, convén, por iso mesmo, non dar lugar á creadora expansión poética.

Sen embargo, si prudentemente acurtamos o voo, unha corda poderosa nos atrae e mantén en círculos tentadores ao seu redor: é a tribo dos vacceos, coa súa exemplar organización agraria. Na provincia de Zamora consérvanse aínda vestixios dun semellante sistema comunal; Gómez-Moreno escribe que en Torre de Frades

“subsiste o Palacio onde tiñan a súas xuntas os antigos “procuradores da terra” que é unha ruda construción feita de cantería grosa e sen carácter definido”⁸

(8) *Op. cit.*, texto

(9) Gómez Moreno, *opus. cit.*, páx 53 do texto

E non podemos esquecer que no noso caso hai tamén un silo adxacente, quizais destinado a almacenar o trigo da comunidade. No Castrillón (Lubián) preto das Portelas apareceu

“unha cámara pequena abovedada, como garita, de pedra miúda; ademais outra cuadrangular, subdividida en recadros mediante parediñas delgadas”⁹.

Non obstante estas e outras noticias, só nos cabe por agora suspender o xuízo e esperar, confiando que un día non afastado se desenterren de novo estas construcións subterráneas, e se teña acaso a fortuna de efectuar algún achado definitivo. Aínda cando é verosímil que a cámara e a necrópole superposta pertencen a unha mesma época, só esta última de momento reclama a nosa atención.

Tampouco en Zamora hai moitos vestixios de necrópoles semellantes. Ao nordeste de Ciudadreja, fóra xa da poboación, descubríronse uns a modo de “fornos”, construídos de cal e canto, que posiblemente puideran ser sepulcros, pois, tamén alí se acharon esqueletos humanos; é probable sen embargo, que se trate de restos romanos dun campamento. En Benegiles, a seis quilómetros de Coreses,

“desenterráronse moitas sepulturas, xa feitas con parediñas de cachotería, xa caixas monolíticas postas en fileiras coa cabeza cara o poñente, ás veces bisomas e outras superpostas; pero sen inscrición nin obxecto algún que prestase luz respecto a súa época”.

A pesares do cal o autor das liñas transcritas coloca esta necrópole na sección correspondente á época prerromana O paralelismo entre os achados de Benegiles e Coreses é evidente, o que nada estraña, pois pertencen sen dúbida algunha ao mesmo pobo.

A toponimia tamén aquí ofrece dous nomes dignos de atención: El Cubo e Pías, que acaso indiquen a existencia de remotos sepulcros.

Pero o feito máis notable a este respecto constitúeno certas estatuíñas, indubidablemente relacionadas cun rito funerario, que foron descubertas por Garnacho en Moral de Sayago, ao lado das sepulturas mencionadas no capítulo II . Son representacións animais, como de rudos becerros, do tamaño dun gato adulto e o material empre-

gado é o granito; outras semellantes, representando a modo de porcos e cans, pero tamén en tamaño reducido, atopáronse en Villardiega e no Pino, aínda que por desgraza nada disto se conserva segundo as nosas noticias.

Abundan en cambio na provincia estelas funerarias procedentes de poboados romanizados e lidas na súa maior parte por Hübner e Gómez-Moreno; en moitas delas aparece a roda simbólica de radios curvos, a que máis arriba temos aludido, e este dato, unido á frecuencia con que ostentan nomes indíxenas permiten supoñer as sepulturas e necrópole a que pertenceron un remoto avoengo.

Pero nin nesta necrópole de Coreses, nin en todo o seu termo municipal se atopou ata hoxe a máis mínima proba de romanización: estela, calzada, moeda, nin rastro de calquera especie; e temos que sentar, sequera sexa provisionalmente, a hipótese de que o cemiterio por nós descuberto é prerromano, probablemente post-hallstático, e que, AO non ter sufrido o influxo do vigoroso pobo invasor, debemos considerar como celtibérico.

Non se posúen remotas noticias históricas da actual poboación de Coreses, e probablemente será contemporánea doutros pobos que, como Gallegos (hai deste nome na provincia), Asturianos, Bercianos, etc. foron fundados ou reconstruídos cando, co fin de repoboar a provincia de Zamora, devastada polas guerras da Reconquista, Fernando I repartiu terras entre os señores, cabaleiros e soldados leoneses, casteláns, galegos e asturianos que o seguiron nas súas campañas contra os mouros. É evidente, ademais, que esta necrópole, situada inmediatamente ás costas da vila, de cuxas últimas casas non a separan máis de cincuenta metros, nun outeiro que a domina e sobre as súas propias bodegas, non pode en ningún modo corresponder ao actual poboado, aínda na súa historia máis primitiva, e si en cambio debeu ser o lugar de enterramentos doutra poboación, situada acaso máis cara o alto, na ladeira que sobe ao alto chamado de Cabezanuño desde cuxo cumio se dominan ambas chamadas: a de Molacillos e a de Coreses.

Folga advertir que na necrópole non existe, nin temos novas de que se descubrira xamais, o menor vestixio de cristianización, pois se así fora xa o pobo non atribuiría a súa orixe ao "tempo dos mou-

ros”, recurso este co que designa sempre a todo o afastado, cuxa tradición auténtica ignora, e que, por conseguinte, non recoñece como propio.

A nosa opinión, en definitiva, é a de que nos atopamos ante unha necrópole prerromana, de tipo ibérico, e que con seguridade conserva toda a súa personalidade prístina, por non ter sido obxecto de romanización.

DENUNCIA

Non hai moitos días a prensa dábanos a nova de terse creado, con acerto digno do maior encomio, a Comisaría Central de Escavacións, cuxa misión será a de recoller toda clase de novas e unificar os plans de traballo e estudo, para levar a cabo un máis frutífero labor investigador. As liñas precedentes non aspiran máis que a constituír unha simple denuncia. Facemos votos porque se recolla e frutifique nun estudo acabado e amplo, que non está en ningún modo ao alcance das nosas posibilidades económicas e intelectuais.

Coreses, 7 Novembro de 1940

As escavacións que motivan estas liñas realiceinas os días 30 de setembro, 23 de novembro e 7 de decembro de 1939. Ao ano seguinte, relendo o diario de escavacións e compulsando datos, decidín recollelos nas cuartillas precedentes.

Coreses, 10 de novembro de 1940